

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 10 de setembro de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, día 10 de setembro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 7/10, do 30 de xullo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.201 á nº 17.599, de 2010.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Praza pública en Guísamo” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009. Código: 09.2100.0026.0.

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Mell. estradas mpais. prrq. de Cesullas” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009. Código: 09.2100.0048.0.

5.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Ens. mell. camiños Armental, Vilariño, Mezonzo, Seixo” do Concello de Vilasantar, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2010. Código: 10.2100.0243.0.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

6.-Proposta de modificación do convenio de colaboración nº 392/2009, entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Monte do Gozo para financiar a obra de reforma de aseos e dormitorios da comunidade terapéutica no lugar de Cernadas, Val do Dubra.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

7.-Desestimación das alegacións presentadas á aprobación dos proxectos incluídos no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011) que se relacionan e aprobados por acordo plenario do 25-09-2009:

-Ensanche, mellora de trazado e afirmado da DP 0510 de Confurco a Uxes tramo Orro (PK 2+650) – O Souto (PK 4+360) Culleredo.

-Ensanche, mellora de trazado e afirmado da DP 0510 de Confurco a Uxes tramo Confurco (PK 0+000) – Orro (2+650) Culleredo.

E ratificar o acordo plenario con data do 25-09-2009 que aprobaba tecnicamente as devanditas obras.

8.-Modificar o acordo plenario con data do 30-07-2010 onde se aprobou o Plan de travesías 2009, sexta fase, integrado polo proxecto actualizado da travesía do Vilar na EP 1301 da Gándara á Amañecida PK 5+800 ao PK 6+470 e na EP 1302 Negreira a Urdilde PK 5+470 ao PK 5+600 O Vilar (1011300022.0).

9.-Conceder unha prórroga ata o 30-12-2010 para que o Concello de Cedeira remita a documentación da base 3.2 para adoptar o correspondente acordo para a aprobación da obra: senda peonil na DP 2203 de Cedeira a Punta Candeeira á Capela de Santo Antón (Cedeira).

10.-Aprobar o Plan de vías provinciais 2010, sétima fase integrado polo proxecto: ensanche de calzada e reforzo de firme DP 0104, DP 0904 e DP 3801 (Cesuras, Oroso, Betanzos). 1011100007.0

11.-Aprobar o proxecto reformado de mellora da seguridade viaria na DP 3801 Sigüeiro a San Mauro PK 4+030 a PK 5+010, Oroso (Código do proxecto reformado 0911100004.1).

12.-Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2010 terceira fase integrado polos proxectos:

-Construción dun muro de contención no polideportivo de Corcubión na DP 2801. 1011000022.0.

-Reforma de pluviais en Firminstáns na DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa PK 4+770 a 4+890 marxe esquerda (Ames). 1011000023.0.

13.-Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o Programa de vías provinciais 2009-2011: mellora de trazado e ampliación da plataforma da DP 4402 Baleo Corbelle a Casanova (tramo 1 PK 0+000 a PK 1+700) (Ortigueira). E solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das citadas obras.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

14.-Corrección de erros (NIF dos beneficiarios) de subvencións nominativas incluídas na Base 49 das de execución do orzamento 2010.

15.-Tomar coñecemento do informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009: altas e baixas do imposto sobre actividades económicas (IAE), altas e baixas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e autoliquidacións do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).

16.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Culleredo en materia de recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

17.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do Concello de Culleredo.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste a Sra. Seixas Naia.

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión, no punto número 3.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/10, DO 30 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/10, do 30 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.201 Á Nº 17.599, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.201 á nº 17.599, de 2010.

3.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PRAZA PÚBLICA EN GUÍSAMO” DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009. CÓDIGO: 09.2100.0026.0.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Praza pública en Guísamo” do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2009, (código: 09.2100.0026.0). O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica na táboa seguinte, que é financiado integramente polo concello, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18% como consecuencia do disposto no artigo 79 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, que modifica o tipo impositivo do IVE con efectos do 1 de xullo de 2010, e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE

correspondente ao proxecto inicialmente aprobado, sendo por conta do Concello o incremento do IVE correspondente ao proxecto reformado.”

Código: 09.2100.0026.0 Praza pública en Guisamo (Concello de Bergondo)			
Axentes financiadores	Proxecto inicial co 16% de IVE	Proxecto reformado co 16% de IVE	Diferenza co 16% de IVE
Deputación f.p.	110.695,15	110.695,15	0,00
Concello	64.418,80	123.014,57	58.595,77
TOTAL	175.113,95	233.709,72	58.595,77

4.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MELL. ESTRADAS MPAIS. PRRQ. DE CESULLAS” DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009. CÓDIGO: 09.2100.0048.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Mell. estradas. mpais. prrq. de Cesullas” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2009, (código: 09.2100.0048.0). O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica na táboa seguinte, que é financiado integramente polo concello, sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18% como consecuencia do disposto no artigo 79 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, que modifica o tipo impositivo do IVE con efectos do 1 de xullo de 2010, e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado, sendo por conta do Concello o incremento do IVE correspondente ao proxecto reformado.”

Código: 09.2100.0048.0 Mell. estradas mpais. prrq. Cesullas Concello de Cabana de Bergantiños			
Axentes financiadores	Proxecto inicial co 16% de IVE	Proxecto reformado co 16% de IVE	Diferenza co 16% de IVE
Deputación f.p.	35.611,51	35.611,51	0,00
Deputación prést.	24.997,78	24.997,78	0,00
Estado	10.528,38	10.528,38	0,00
Concello	21.340,60	23.252,27	1.911,67
TOTAL	92.478,27	94.389,94	1.911,67

5.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ENS. MELL. CAMIÑOS ARMENTAL, VILARIÑO, MEZONZO, SEIXO” DO CONCELLO DE VILASANTAR, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010. CÓDIGO: 10.2100.0243.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Ens. mell. camiños Armental, Vilariño, Mezonzo, Seixo” do Concello de Vilasantar, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2010, código: 10.2100.0243.0, que non representa variación do seu orzamento total, pero si implica un cambio do trazado inicialmente previsto, aínda que se refire aos mesmos camiños descritos no proxecto orixinario.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
10.2100.0243.0	Vilasantar	Ens. mell. camiños Armental, Vilariño, Mezonzo, Seixo	39.386,54	38.110,56	18.994,05	4.989,00	101.480,15

6.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 392/2009, ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA FINANCIAR A OBRA DE REFORMA DE ASEOS E DORMITORIOS DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA NO LUGAR DE CERNADAS, VAL DO DUBRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación e a formalización correspondente, nos termos propostos polo Servizo de Patrimonio e Contratación respecto do texto do Convenio nº 392/2009, asinado con data do 16/12/2009, entre a Deputación provincial e a Fundación Monte do Gozo, co CIF G15258213, e domicilio na Virxe da Cerca 6, Santiago de Compostela, para financiar a obra de reforma de aseos e dormitorios da comunidade terapéutica no lugar de Cernadas, Val do Dubra, texto que se modificará expresando na redacción da cláusula sexta o contido seguinte:

“1. A achega da Deputación aboaráselle á Fundación Monte do Gozo, despois da sinatura do convenio a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial, manténdose o resto do disposto na citada cláusula coa súa redacción.”

7.-DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011) QUE SE RELACIONAN E APROBADOS POR ACORDO PLENARIO DO 25-09-2009:

-ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) – O SOUTO (PK 4+360) CULLEREDO.

-ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) – ORRO (2+650) CULLEREDO.

E RATIFICAR O ACORDO PLENARIO CON DATA DO 25-09-2009 QUE APROBABA TECNICAMENTE AS DEVANDITAS OBRAS.

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Á vista dos informes emitidos polo Servizo de Vías e Obras Provinciais desestimar as alegacións presentadas á aprobación dos proxectos incluídos no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011) que se relacionan e aprobados por acordo plenario do 25-9-2009

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) – O SOUTO (PK4+360). CULLEREDO	1.251.876,96
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO	1.410.892,28

- 2.- Ratificar o acordo plenario con data do 25-9-2009 que literalmente di:

-Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) – O SOUTO (PK4+360). CULLEREDO	1.251.876,96	152.319,91
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO	1.410.892,28	189.339,88

- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO	<p>- A actual estrada enlaza dous núcleos de Confurco e Uxes, o obxecto do presente proxecto é a ampliación da estrada cuxas características resultan actualmente insuficientes para soportar o tráfico que por ela discorre.</p> <p>- O ancho medio da calzada é de 5,00 metros, carecendo de beiravías e cun trazado sinuoso nalgún dos tramos.</p> <p>- Ao longo do trazado localízanse numerosas edificacións a ambas as marxes da estrada o que xera un importante tráfico peonil que ten que circular pola angosta calzada debido á ausencia de beiravías, xerando un perigo permanente de accidentes e atropelos.</p> <p>-Á súa vez resulta dificultoso o cruzamento de vehículos pesado ou autobuses con outros lixeiros, especialmente nos tramos máis virados.</p> <p>As principais solucións son:</p> <p>- Tratamento de accesos e interseccións con obxecto de conseguir unha maior seguridade viaria e maior ordenación do tráfico</p> <p>- Adecuación da velocidade ás características da vía e da contorna</p> <p>- Ordenación de accesos e xiros á esquerda</p> <p>- Proxéctanse dous carrís de circulación de 3,5 metros e beiravías por cada marxe dun metro</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Entre o pk 1+380 e 1+560 o trazado discorre en variante, para mellorar as condicións existentes da estrada, eliminando tres curvas de radio moi reducido e substituíndoas por unha única curva á dereita de radio 215 metros. - O segundo tramo en variante sitúase entre o pk 1+840 e 2+120 coincidindo coa intersección proxectada de cambio de sentido na que se aumentou o radio da curva e construírse un carril central para o xiro á esquerda - A intensidade media do tráfico aumentou nestes últimos anos. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas a outras estradas e pistas de parcelaría
ENSANCHE E MELLORA TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) - O SOUTO (PK4+360). CULLEREDO	<ul style="list-style-type: none"> - A actual estrada enlaza dous núcleos de Confurco e Uxes, o obxecto do presente proxecto é a ampliación da estrada cuxas características resultan actualmente insuficientes para soportar o tráfico que por ela discorre. - O ancho medio da calzada é de 5,00 metros, carecendo de beiravías e cun trazado sinuoso nalgún dos tramos. - Ao longo do trazado localízanse numerosas edificacións a ambas as marxes da estrada o que xera un importante tráfico peonil que ten que circular pola angosta calzada debido á ausencia de beiravías, xerando un perigo permanente de accidentes e atropelos. - Á súa vez resulta dificultoso o cruzamento de vehículos pesados ou autobuses con outros lixeiros, especialmente nos tramos máis virados As principais solucións son: <ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de accesos e interseccións con obxecto de conseguir unha maior seguridade viaria e maior ordenación do tráfico - Adecuación da velocidade ás características da vía e da contorna - Ordenación de accesos e xiros á esquerda - Proxéctanse dous carrís de circulación de 3,5 metros e beiravías por cada marxe dun metro - No que ás interseccións se refire potenciouse a eliminación de todo xiro á esquerda non canalizado. Este tipo de manobras deberá realizarse a través da glorieta e o cambio de sentido preparados para o efecto. - Proxéctase unha variante entre o 3+080 e 3+600 formada por unha curva á esquerda de 150 metros de radio seguido dunha á dereita de 200 metros e unha á esquerda de 300 metros. - No pk 3+150 proxéctase un cambio de sentido con obxecto de impedir os xiros á esquerda no cruzamento do pk 2+890 xa que a distancia de visibilidade é insuficiente. - Como condicional importante cabe destacar o paso superior sobre o ferrocarril localizado no pk 3+220 - No pk 3+920 localízase a intersección que dá acceso á ligazón coa autovía A6. O actual cruzamento en T transformárase nun cambio de sentido, ampliando a lonxitude do carril central de xiro.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO
ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) – O SOUTO (PK4+360). CULLEREDO

mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

8.-MODIFICAR O ACORDO PLENARIO CON DATA DO 30-07-2010 ONDE SE APROBOU O PLAN DE TRAVESÍAS 2009, SEXTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO ACTUALIZADO DA TRAVESÍA DO VILAR NA EP 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA EP 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 O VILAR (1011300022.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Produciuse un erro na transcripción do código da obra; modificar o citado acordo no sentido:

Onde di: 1011300022.0
Debe dicir: 0911300022.0”

9.-CONCEDER UNHA PRÓRROGA ATA O 30-12-2010 PARA QUE O CONCELLO DE CEDEIRA REMITA A DOCUMENTACIÓN DA BASE 3.2 PARA ADOPTAR O CORRESPONDENTE ACORDO PARA A APROBACIÓN DA OBRA: SENDA PEONIL NA DP 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDEEIRA Á CAPELA DE SANTO ANTÓN (CEDEIRA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha prórroga ata o 30-12-2010 para que o Concello de CEDEIRA remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2008-2011 (SENDA PEONIL NA DP 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDEEIRA Á CAPELA DE SANTO ANTÓN (CEDEIRA)) e que literalmente di:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á Deputación para que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do Concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez cuberto o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

10.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010, SÉTIMA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: ENSANCHE DE CALZADA E REFORZO DE FIRME DP 0104, DP 0904 E DP 3801 (CESURAS, OROSO, BETANZOS). 1011100007.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2010 SÉTIMA FASE cun orzamento total de 307922,48.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACION	ORZAMENTO
ENSANCHE DE CALZADA E REFORZO DE FIRME DP 0104, DP 0904 E DP 3801 (CESURAS, OROSO, BETANZOS). 1011100007.0	307.922,48

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

11.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO PK 4+030 A PK 5+010, OROSO (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0911100004.1).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3801 SIGUEIRO A SAN MAURO PK 4+030 A PK 5+010, OROSO (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0911100004.1) polo seu orzamento de contrata de 191.013,38.- EUROS (tipo impositivo de IVE: 16%), que representa un incremento respecto do primitivo de 32.266,01.- EUROS (tipo impositivo de IVE: 18%),

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, MANUEL BLANCO PÉREZ (32396954M) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 136.700,01.- EUROS (tipo impositivo de IVE: 16%), que representa un incremento respecto ao primitivo de 23.091,39.- EUROS (tipo impositivo de IVE: 18%),

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 995,32.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 5.909,11.- EUROS.
TAXAS DE CONTRATO: 62,16 EUROS”

12.-APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 TERCEIRA FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS:

-CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NO POLIDEPORTIVO DE CORCUBIÓN NA DP 2801. 1011000022.0.

-REFORMA DE PLUVIAIS EN FIRMINSTÁNS NA DP 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA PK 4+770 A 4+890 MARXE ESQUERDA (AMES). 1011000023.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2010 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 61570,03.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NO POLIDEPORTIVO DE CORCUBIÓN NA DP 2801. 1011000022.0	29.552,05
REFORMA DE PLUVIAIS EN FIRMINSTÁNS NA D.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA PK 4+770 Á 4+890 MARXE ESQUERDA (AMES).1011000023.0	32.017,98
TOTAL	61.570,03

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

13.-APROBAR TECNICAMENTE OS PROXECTOS QUE INTEGRARÁN O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011: MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA DA DP 4402 BALEO CORBELLE A CASANOVA (TRAMO 1 PK 0+000 A PK 1+700) (ORTIGUEIRA). E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS CITADAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de

crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA DA DP 4402 BALEO-CORBELLE A CASANOVA (TRAMO 1 PK 0+000 A PK 1+700) (ORTIGUEIRA)	802.432,53

- Expor ao público o citado proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA DA DP 4402 BALEO-CORBELLE A CASANOVA (TRAMO 1 PK 0+000 A PK 1+700) (ORTIGUEIRA), tales como que:

- Actualmente a estrada DP 402 ten unha calzada estreita de ancho medio inferior aos 5 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radio inferior a 50 m. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos, sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva, especialmente en zonas boscosas, polas cales discorre o tramo obxecto de proxecto.

- Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 927 vehículos/día, cun 19,55 % de vehículos pesados e con intensidades horarias de ata 133 vehículos/hora. Localizáronse días con intensidades de ata 513 vehículos pesados/día. O devandito tráfico aumenta na tempada de verán cunha maior incidencia do tránsito de peóns.

- Os datos anteriores de tráfico demostran que a citada estrada, con condicións xeométricas moi precarias, é utilizada por gran intensidade de tráfico pesado, de vehículos de gran volume, aumentando o risco de accidentes con choque frontal, e é utilizada en xeral por unha intensidade notable de tráfico, alcanzando intensidades horarias importantes.

- Segundo datos da Dirección Xeral de Tráfico, neste ano 2010, rexistrouse un accidente por choque frontolateral entre dous vehículos con ferido, en zona de forte curvatura con ancho escaso de calzada.

- As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, aumentando o ancho de calzada a 7 metros, creando beiravías de 1 m, e na mellora do trazado mediante a eliminación de curvas sen visibilidade. Estas actuacións incrementarán a seguridade viaria na estrada, diminuindo o risco de accidentes frontais, saídas de calzada, colisións por alcance, mellorarán a seguridade en accesos á estrada e permitirán o tránsito de peóns fóra da calzada diminuindo o risco de atropelo.

- Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados co fin de mellorar as citadas condicións diminuindo, por tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA DA DP 4402 BALEO CORBELLE A CASANOVA (TRAMO 1 PK 0+000 A PK 1+700) (ORTIGUEIRA), mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

14.-CORRECCIÓN DE ERROS (NIF DOS BENEFICIARIOS) DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS INCLUIDAS NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Corrixir os erros detectados nas seguintes subvencions nominativas recollidas na Base 49ª das de execución do Orzamento :

Onde di.:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/151B/762.01	Concello de Coristanco	P1502800D	Proxecto praza da Capela da Rabadeira	130.964,30	130.964,30	100,00
0202/342A/762.01	Concello de Fisterra	P1503900A	Instalación de herba artificial no campo de fútbol Arasolis	340.000,00	340.000,00	100,00

Debe dicir:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/151B/762.01	Concello de Coristanco	P1502900D	Proxecto praza da Capela da Rabadeira	130.964,30	130.964,30	100,00
0202/342A/762.01	Concello de Fisterra	P1503800A	Instalación de herba artificial no campo de fútbol Arasolis	340.000,00	340.000,00	100,00

15.-TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2009: ALTAS E BAIXAS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE), ALTAS E BAIXAS DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM) E AUTOLIQUIDACIÓNS DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2009, na aplicación do disposto nos artigos 214,219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do Presuposto para o exercicio 2009 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar informados do devandito informe-resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

16.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE CULLEREDO EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Culleredo en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

17.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS DAS NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Culleredo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.